


1.º premio do IX Concurso literario Mazarelos (2023)

Gael Uxío Proupín Cantelar

Quen matou a González Vallés?



Quen matou a González Vallés?

Que vostede estea a ler nestas letras, meu prezado lector, quere dicir que o meu corpo enfraquecido, cativo ó superficial xuízo ditado polas olladas dos transeúntes de calado chapeu que me viron pasear polas rúas coruñesas nestes últimos meses, pasou de estar quente e mol a engruñarse e inchar coma unha prea nalgún panteón do cemiterio de Santo Amaro. Nunca fun eu persoa excesivamente católica, probablemente por mor de deixarme imbuír polo profundo humanismo que zumegaban os médicos da Alemaña, onde cursei estudos e exercín de practicante xunto co doutor Schmidt grazas a unha bolsa, mais non son tempos para manifestarse mornos en materia relixiosa. As mulleres dos médicos titulares falecidos teñen dereito a unha pensión por ano de oficio, e atérrame a idea de que os nenos poidan rematar no Auxilio Social ou sen dereito ó cupón por un exceso de honestidade e liberdade nunha época na cal esta última xa non se estila.

Preguntarasme pois, meu confidente, a que vén todo isto. Ben, pois: eu matei o gobernador civil. Eu matei o comandante Florentino González Vallés.

Todo tivo o seu berce bastante antes de que o vermello que tingue as miñas fazulas e as bágoas vidrosas dos meus ollos se convertesen no pan de cada día. Concretamente, na segunda semana do mes de setembro, cando toda a defensa da lexitimidade da República na provincia quedara relegada ó monte, alí onde toxeiros e pequenos curros, construídos para que os labradores botasen a soneca mentres levaban pacer a habenza da aldea, permitían agocharse, á espera dunhas ordes que nunca chegaron, milicianos, cenetistas e homes de Casares Quiroga, entre outros moitos. A preparación e loxística do golpe alcanzaba agora o seu maior grao de perversión cando individuos, personalidades dunha certa relevancia e imaxe popular dende febreiro de 1936, que deixaran marchar ás súas casas o 18 de xullo, aparecían agora, cando xa pensaban ter librado, sacados das súas casas e guindados nos cruzamentos de camiños cos miolos esparexidos polo chan. Foi neste sórdido contexto cando tentei por todos os medios salvar Manolo. Foi nestes días de empacho de indixencia moral cando tratei por todos os medios de librar da morte o doutor, sindicalista e amigo Manuel Suárez.

Non colle nin vén a conto como coñecín ou a miña andaina co doutor Suárez nestas liñas. Baste dicir que, alén de compañeiro de licenciatura en Compostela e compañeiro de edición dos boletíns do Colexio de Médicos, o doutor, o meu amigo, estaba abocado a converterse en padriño do meu primeiro fillo e a consagrarse como unha eminencia de ámbito internacional na súa especialidade. Sabía, por confidencias do doutor Colmeiro Laforet, que o seu nome aparecera nas listaxes de sentenzas de morte pendentes aínda da firma. Os militares non estaban dispostos nin tan sequera a conmutala por unha cadea perpetua, con posibilidade dunha posterior amnistía, polo seu pasado sindicalista na UGT. Pola boca do propio xefe provincial do Movemento fun instado a falar

co gobernador civil, pois xa non era o primeiro que libraba pola súa mediación e que embarcaba no torpedeiro Tucumán en dirección a Buenos Aires.

Había naquel despacho un aquel cuarteleiro, un resto coma de facinorosa guerra colonial mesturado coa humidade e cheiro a salitre propio do Parrote. Alí, nesa estancia, onde Pérez Carballo e Juana Capdevielle se viran un ó outro con vida por última vez. El, probablemente, con bágoas nos ollos de quen sabía que ía ser a última vez que ía ver a súa muller encinta. Ela, con toda a serenidade e integridade que non tiña el, estaría repasando a lista de chamadas pendentes para intentar frear a sublevación.

-Tome asiento, por favor.

O primeiro que retiraron foi o escudo da República. Sabíao porque unha pálida mancha de forma oval destacaba nunha parede escurecida por esa humidade e o fume do tabaco, xusto detrás, centrada, coma se a medida fose tomada ó milímetro, da cadeira do gobernador civil. Nada puxeran cubrindo esa pálida mancha que rachaba coa lúgubre harmonía da parede encalada e o mobiliario de madeira de ébano aínda, pois se ben o terror levaba xa meses a estenderse coma gota de graxa que cae nun pano da man, este aínda non tiña simboloxía definida. A unificación, o xugo, a aguia de san Xoán e as frechas virían meses despois.

Sentei, quedando un pouco por embaixo da altura do gobernador, malia ser máis alto, por ser o meu asiento máis cativo e menos maxestoso có seu. Supoño que outra forma de facer as visitas e peticionarios lembraren que o gobernador civil é a máxima representación do poder central na provincia. Absorbido, succionado, por unha ornamentada cadeira de dimensións desproporcionadas para quen a quecía, sentaba un individuo no último chanzo que vai da madurez á senectude, de curuto despexado e bigote moi rexo. Fragmentos dun fulgor níveo perfilaban ese bigote cada vez que o señor gobernador, co seu xesticular, xiraba o pescozo cara ó único quinqué que iluminaba a estancia.

-Lo escucho.

Expúxenlle o que, con toda a seguridade, aquel que concertara a nosa audiencia lle anticipara previamente, pero pondo o acento no erro maiúsculo que supuña a detención e o absurdo do futuro que lle deparaba ó doutor Suárez. Apelei á invalidez dos informes que o puñan coma un “*desafecto al Movimiento Nacional e partidario del nefasto Frente Popular*”, aludindo a calumnias enganosas redactadas por quen tiña co doutor un longo historial de rivalidades e envexas. Pensando na propia familia de González Vallés, trouxen a colación os fillos que quedarían orfos de pai e a exemplar militancia católica na CEDA dos seus irmáns. Perante a súa ostensible concentración e ollada en fite

enfateicei, por último, o recoñecemento, incluso internacional, como médico do que gozaba o devandito doutor e a perda irreparable que suporía a súa caída en desgraza.

Botou algo máis dun segundo sen mudar a expresión da súa face, co queixo un chisco afundido nunha gorxa que barruntaba un futuro bocio, coma se o seu cerebro estivese aínda a procesar as miñas últimas palabras.

Pestanexou dúas veces, baixou a ollada e preguntou ó tempo que remexía nun caixón:

- *¿Fuma usted?*

Ofreceume unha tabaqueira de coiro e un vistoso estoxo de zigzag. Fíxoseme evidente que Suárez tiña xa un pé na salvación, posto que, do contrario, a resposta sería unha rotunda negativa.

O problema era outro. O problema radicaba en que, no código das relacións clientelares militares, baixo ofrecer un cigarro subxacía o preludio dunha proposta.

-*¿Sabe usted cuál ha sido la vía de redención del servicio de quintas desde los albores de su existencia?*

De modo que diso se trataba. Exhalei o fume do pito acabado de prender.

Dous xeitos existían de librar das inefables quintas para aqueles integrantes do vulgo que non tiñan a faltriqueira de todo baleira. Unha, mediante o pagamento da cota, polo cal o individuo pasaba a facer os servizos próximo á casa matriz, como adoitaba ocorrer en Lérez. A outra, a máis benevolente e cara, pasaba por pagarlle 6000 reais a un substituto que correría ó cargo da disentería, da difteria e dos malos tratos con vareadas incluídas.

-*Se lo concederé. Intercederé para salvar a ese sujeto. Sin embargo, quiero algo a cambio. Ya que yo le doy algo a usted, usted me dará algo de mi conveniencia. Nos vendría bien un hombre con sus aptitudes en el campo de batalla. Ejercerá como médico de campaña hasta que el ejército rojo sea derrotado.*

Disimulei un ataque de tose cunha forte carraspeira para que a miña linguaxe corporal non revelase o que pasaba polo meu maxín. Agora era eu quen miraba o gobernador civil en fite, buscando, desexando, o máis mínimo xesto que denotase un erro no que se acababa de formular, unha mala elección de palabras, unha torsión burlona dos beizos que significase que era unha broma de mal gusto.

Non se dá ese tipo de humor entre os militares africanistas.

Pousei o pito no cinseiro perante un tremor que comezara no brazo esquerdo e ameazaba con contaxiarse ó dereito. Asentín coa cabeza, pois a boca quedara seca, cun gusto acedo mesturado co do tabaco.

-Los reemplazos salen la semana que viene. Se presentará en automóviles Celta con una guía de circulación a modo de salvoconducto que le será expedida en las oficinas del Gobierno Militar.

Dígales que obedece órdenes directas de mi persona.

¡Arriba España!

Dese xeito pasei pola ignominia da guerra. Non minto se digo que preferiría ser enrolado como combatente. Tampouco son estas letras o espazo máis acaído para describir o día a día dun hospital militar e o cheiro a goma queimada e carne podre que o acompaña. O relevante, porén, foron as novas que recibín pasados sete meses lidando con choros, pernas amputadas pola gangrena e mucosidades de todo tipo. Nun anaco de papel coa deterioración das repetidas dobreces por mor da censura epistolar o propio Colmeiro Laforet transmitíame que o doutor Manuel Suárez fora fusilado, tras un xuízo sumarísimo, no castelo de Santo Antón.

Meses máis tarde descubrín, por confidencias, que alguén, probablemente a mesma persoa que redactara eses informes desfavorables, lle prometera a González Vallés certas vantaxes no lucrativo negocio do aceite de oliva.

Pasei os dous anos seguintes, despois de ser desmobilizado como médico de campaña, sen que a traizón a que me vira sometido tivese un oco no centro do meu pensamento. A guerra, onde o home deixa de ser home para se converter en besta, o trauma pola sucesión de atrocidades acaecidas neses anos e a carestía do máis básico nunha espiral de mercado negro traían parello o efecto secundario da indiferenza e o silencio perante situacións que outrora lle tería xerado estrés postraumático a un. Esa calidade tan propia do ser humano, como é a adaptación a prol da supervivencia, fixo que o recordo, cada ano un pouco máis brumoso, da conversa co gobernador civil e o do devir do doutor Suárez pertencesen a ese abano da indiferenza.

Obtiven a miña praza como médico titular do concello de Betanzos e auxiliar do Hospital de San Antonio de Padua. Trasladeime con Pura encinta por segunda vez e co primeiro meniño xa ás agatuñadas. Alén de atender os doentes das distintas familias nunha clínica situada nunha das esquinas da praza do Campo, próxima á residencia outrora dos irmáns García Naveira, expedía as receitas médicas que contiñan chocolate e azucre para os nenos orfos da beneficencia. Ademais de, por razóns obvias, enfermos incapacitados, servizos de terapéutica médica a determinados individuos, como os Romy ou os Crespo, requirían o traslado do meu maletín e alforxas a

domicilios particulares, voltando as máis das veces cunha propina ou cuarteirón de café *estraperlado*.

Non pasaría moito tempo ata que me ofreceron ser o médico xefe do Auxilio Social, o cal era rexentado por mulleres sempre co brazo levantado recollidas ó rematar a xeira polos seus maridos igualmente co brazo levantado, pistola no cinto e camisa azul. O ascenso levaba, en contrapartida, por *conditio sine qua non*, abandonar a clínica e aceptar atender tamén o refuxio do Sagrado Corazón de Jesús para Niñas Lisiadas, Raquíticas y Escrofulosas Pobres, alí onde Deus castiga dúas veces. A vida na vila betanceira era a metáfora de Deus dálle pan a quen non ten dentes: o frondoso dinamismo comercial que antes do golpe caracterizaba o centro neurálxico da antiga provincia batía estrepitosamente cuns comercios con andeis e chineiros baleiros porque a ninguén satisfacía vender ós prezos da taxa. O leite traído polas leiteiras á camiñada dende Irixoa e Paderne viña con máis auga cá ría e había quen introducía carozos no estómago dos xatos para que estes, quedando expostos á venda na feira dominical, non parecesen tan ruíns. A fariña do racionamento procedente de Carballo non chegaba, ou perdíase nos petos de gardas civís que tiñan os seus postos polo camiño, e o pan integral negro polo cal a Comisaría de Abastecementos se desfacía en loubanzas non valía nin para engordar os porcos.

Un posto como médico xeral do Auxilio Social non quitaba da miseria xornaleiros, canteiros, obreiros e demais individuos das marxes, mais permitía que aqueles meniños, e non tan meniños, arrincados das súas nais e pasados a ser aleitados por unha ama de leite, non morresen de malnutrición, rabdomiólise ou difteria.

Afastadas quedaban as miñas conviccións con respecto ó que propugnaba o Auxilio ou o relato externo que lles intentaba vender ós súbditos do Novo Estado. A apropiación que este facía tanto dos mortos na contenda *-caídos por España y por Dios-* coma dos fillos das parellas da “antiespaña” *-futuro vivero de la nación española-* non entraban nas esixencias do xuramento hipocrático, polo que me limitaba, do mesmo xeito ca cando fun mobilizado, a salvar vidas. Agora as vidas dos máis vulnerables.

Preguntaraste, pois, logo de chegado a este punto, lector, como a persoa de González Vallés volveu aparecer nun radio próximo á miña vida.

Foi, de feito, no propio Auxilio Social cando a realidade superou calquera peza de Wagner teatralizada. Era o día despois do Corpus Christi e pasara antes de entrar a traballar pola casa dos Etcheverría -alí onde peso que cae non volve ver a a luz do día- para facer un xiro. Estaba atendendo un dos múltiples casos de avitaminose e cargando unha xiringa acabada de ferver cando unha desas mulleres *por la revolución nacional-sindicalista* entrou na consulta para transmitir a orde da delegada comarcal da Sección Feminina do Movemento. Esta quería unha consulta coa miña persoa. Deducín que o que realmente quería, coma outras mulleres adiñeiradas da vila

betanceira, era desfacerse discretamente do que o adulterio ás veces traía consigo. Unha dedución que o futuro desvelaría como fata:

-Una niña. Vacunada y a la que aún no le hayan caído todos los dientes de leche. Me la presentará mañana en casa del señor presidente de la Diputación.

Un profundo suspiro foi a miña primeira resposta. Non adoitaba recaer na miña persoa arranxar os papeis para que algúns dos nenos e nenas que pasaban polo Auxilio Social fosen enviados á casa de terceiros. Se así acontecía neste caso era porque o solicitante enfatizara, pedira expresamente, unha nena vacunada. Ademais, na maioría dos casos, a demanda era de neonatos, polo que xa se ocupaban de arranxar o asunto na sala niño do San Antonio de Padua. A dicotomía que se me presentaba non era pasear sobre camiño mallado: debía escoller entre unha nena cuxos pais nunca a volverían ver, nin ela o seu recordo na memoria soster, pero convertida en señorita, ou unha nena que crecería mantida con pan negro nun contexto de elevadísima mortandade e cuxa máxima aspiración pasaría, de chegar viva ós 16 anos, por ir servir nalgunha das casas da contorna.

-Cuento con que sabrá tomar la elección correcta. De ésta depende la partida mensual de fondos y racionamiento de nuestra comarcal. Se trata del yerno del gobernador civil.

A memoria das vivencias relativas a González Vallés e ó doutor Suárez acudiu á miña mente coma raio que descende do ceo para descargar sobre a codia terrestre. Aquel bigote rexo figuróuseme no maxín dando pé a sensacións e sentimentos que quedaran soterrados unhas semanas despois de chegarme a nova da execución e que quedaran pronto relegadas a un segundo plano, pero non esquecidas.

Aceptei a tarefa que se me encomendaba. Elixín, esa mesma noite, mergullado no ficheiro, unha nena loira -unha de tantas nas dependencias do Auxilio- de seis anos de idade, vacunada por min mesmo, e que levaba Amalia por nome, aínda que, con toda a seguridade, non era o seu nome orixinal. Este quedara, xunto con calquera outra información da súa vida pasada, no cárcere onde a súa nai dera a luz.

Non foi precisamente a noite na cal mellor durmín.

Ó día seguinte as coidadoras do Movemento xa lle encheran a cabeza á nena de paxariños con respecto ó que ía ser o seu novo fogar, e advertírana especialmente das exquisitas maneiras das cales debía facer gala logo de que fose presentada á súa nova familia. Ataviada cun rechamante vestido cor limón, zapatos de caucho e o pelo recollido, a nena non fixo ostensible ningunha reticencia a coller a miña man e saír pola porta para fóra do que foi o seu primeiro e único lume durante anos. Dirixímonos cara á casa dos Roday Montoto, casa na cal tiña exercido como médico máis dunha vez cando traballaba de titular do concello, non sen antes pasar polo Sagrado Corazón

de Jesús e ter unha conversa a porta pechada con sor Vicenta, superiora do refuxio. Se ben coa face algo desencaixada, a relixiosa despedíase de nós cun groso taco de receitas que levaban a miña firma persoal e a promesa dunha subministración periódica dun camiión de patacas ó mes.

Non houbo un recibimento coma cando acudía en calidade de doutor por parte do presidente da Deputación. Máis ben polo contrario, toda a evidencia do acordo preestablecido reducíase a un coche estacionado diante da casa e o chofer fumando un pito co traseiro apoiado na porta do condutor. Deducindo polo tanto que o intermediario desexaba a máxima das discrecións no asunto, despedín a nena a metros da residencia particular.

Foi a última vez que vin ese pelo loiro recollido, ese vestido azul e eses zapatos de caucho.

Ía camiñando, paseniño, por San Andrés cando a nova que agardaba había xa anos atrás chegou ós meus ouvidos. Merqueille o xornal ó primeiro imberbe ó cal lle escoitei cantar a nova ós catro ventos. Despois merquei tamén *El Compostelano* e *El Ideal Gallego* para asegurarme e lelos detidamente na casa coruñesa alugada meses atrás.

Efectivamente, González Vallés, catro meses despois da súa filla e un ano despois do seu xenro, estaba entre catro candeas, e non había diario que non incluise a necrolóxica en grandes letras. Comecei a ler a máis completa das necrolóxicas mentres preparaba as fregas e bilmas de espiño, mais rapidamente deixei o segundo por un ataque de tose nun novo achaque.

“(...) confortado con los auxilios de la religión, falleció ayer, después de soportar una penosa enfermedad sobrellevada con gran resignación cristiana, el teniente coronel del Benemérito Cuerpo de la Guardia Civil, Don Florentino González Vallés (...)”

Detívenme momentaneamente para retirar cun pano da man ensanguentado as pequenas pingas vermellas que salpicaban o texto e me impedían proseguir coa lectura.

“(...) que desempeñó el cargo de gobernador civil de esta provincia al principio del Glorioso Movimiento Nacional y otros cargos importantes de confianza. El finado, que era un pundonoroso militar de brillante hoja de servicios, sentía arraigadas convicciones religiosas y era muy querido entre los vecinos de la capital provincial (...)”

Tanta devoción relixiosa expresada na necrolóxica tan só me fixo lembrar, lector que ata o final desta confidencia por escrito chegaches, que é máis doado que un camelo pase polo ollo dunha agulla ca que un rico entre no reino dos ceos.

Non o dixer eu. Díxoo San Mateo.